

Fernando Acuña Castroviejo

IN MEMORIAM



O profesor Acuña Castroviejo, o entrañable amigo Fernando, marchou antes de tempo. A barca de Caronte non quixo esperar máis... Dada a inmediatez do evento, 13 de setembro, resúltame difícil bosquexar unhas liñas de homenaxe á súa persoa, mais o *officium amicitiae* obriga, por riba da dor que me embarga.

Compartín con Fernando múltiples aventuras humanas e académicas como acompañante fiel durante case medio século. Fernando Acuña Castroviejo (Compostela, 1945-2016) foi un dos máis queridos profesores da USC. Nesta Universidade formouse (1963-1968) e no curso posterior á súa licenciatura en Filosofía e Letras, sección de Historia, foi contratado como profesor interino da área de Arqueoloxía para traballar co recentemente chegado profesor Agregado de Arqueoloxía don Alberto Balil Illana a quen, xunto con Fermín Bouza Brey e Carlos Alberto Ferreira de Almeida, considerou os seus mestres.

Da man de Balil, iniciou a súa formación no mundo clásico con estadias en Berlín e sobre todo en Roma onde o cativou a obra do grande arqueólogo de fama mundial Ranuccio Bianchi Bandinelli, a quen mencionaba en todas as súas clases. En 1973, coa súa tese doutoral *Galicia romana: artes plásticas* inicia un *cursum honorum* que culmina coa obtención da cátedra de Arqueoloxía, Epigrafía e Numismática, en 1987, e co nomeamento de Académico numerario da Real Academia Galega de Belas Artes ‘Nosa Señora do Rosario’ en 2013.

As súas primeiras experiencias no campo da Arqueoloxía e a súa inxente bibliografía figuran recollidas na revista *Portugalia*¹, que edita o departamento de Ciencias e Técnicas do Patrimonio, da Facultade de Letras da Universidade do Porto que, lle dedicou un volume co gallo da ‘Homenagem a Fernando Acuña Castroviejo’ pola súa xubilación o 27 de novembro de 2015. Recomendo a súa lectura para saber o moito que o profesor Acuña fixo pola historia do noso país.

Fai ben pouco, Fernando autodefiníase así: “...por razóns familiares, e cecais por iso, porque en moitos momentos da miña vida gostei ser un anticuario, unha persoa se cadra decimonónica, un certo romántico con gusto polas antigüidades no senso amplo pero, naturalmente, utilizando o que, afortunadamente, os progresos da ciencia e a investigación actuais nos ofrecen”².

Como profesor universitario, salientou a súa singular capacidade pedagóxica. Soubo arrastrar por centos a alumnos e alumnas á investigación do pasado de Galicia. Feito que queda reflectido nas múltiples teses doutorais, e de tesinas de licenciatura, traballos de investigación de terceiro ciclo e dos actuais másteres e innumerables traballos de curso que dirixiu e que gardaba celosamente porque, a Fernando, non lle gustaba tirar nada, todo adquiría valor, tiña andeis e andeis desbordadas con eses documentos. Só no último ano, na obriga de abandonar o seu despacho na Facultade por xubilación, tivo que destruílos xunto con miles de lembranzas acumuladas en 47 anos de vida activa como docente.

Consciente do seu deber de servizo, non se subtraeu á chamada da súa *Alma Mater* desempeñando coa súa impar *auctoritas* distintas responsabilidades como a dirección do Departamento de Historia I (antes de Prehistoria, Arqueoloxía, Historia Antiga e Ciencias e Técnicas Historiográficas), cargo que alternamos ambos dende a creación de departamentos universitarios

1 Soeiro, Teresa – Fernando Acuña Castroviejo: mosaico biobibliográfico, *Portugalia*, Nova Série, vol. 36, Porto, DCTP-FLUP, 2015, pp. 7-26; García Martínez, Carlos – Pre-historia dun arqueólogo, *Portugalia*, Nova Série, vol. 36, Porto, DCTP-FLUP, 2015, pp. 27-33.

2 Acuña Castroviejo, F. O coleccionismo en Galicia entre finais do século XIX e principios do XX: Ricardo Blanco Cicerón e o seu legado. Discurso de ingreso na R.A.B. A. Santiago de Compostela 2013. Pág.17.

(1986) ata case a súa desaparición³. Tamén a dirección e xestión da revista GALLAECIA, só el e eu sabemos a cantidade de escollos que tivemos que saltar para mantela activa durante todos estes anos, deixándoa transformada, a teor dos novos tempos, en revista dixital, cousa que a Fernando, como todos sabedes, non lle gustaba moito, “onde estea o papel que se saquen os ordenadores”, pero os tempos mandan.

Fernando Acuña tamén foi un adiantado ao seu tempo cando nos anos 80 do século pasado, xestionou un acordo coa Universidade de Lodz (Polonia), polo cal, durante anos, houbo intercambio de saberes arqueolóxicos grazas aos moitos alumnos e algúns profesores que puidemos gozar da magnífica biblioteca daquel centro e aprender avances en técnicas de escavación que aínda non chegaran ao noso país. Os polacos tamén fixeron estadias na nosa Universidade e participaron activamente nas escavacións do castro da Graña en Melide, onde formaron unha irmandade coas xentes que perdura nos nosos días.

A súa querenza polo norte de Portugal é de todos coñecida: “Comprendín moi cedo que entre Galicia e Portugal non existía un limes, unha fronteira que separase os dous territorios senón que existía unha unidade, nunca uniformidade, plasmada dende as orixes ata polo menos o século XII, que esencialmente sería o meu campo de estudo”⁴.

As súas relacións cos profesores arqueólogos de Portugal foi intensa e constante ao longo da súa vida. Asistiu a congresos e reunións científicas e impartiu seminarios e conferencias nas Universidades do Minho, Porto, Coimbra. Foi membro de múltiples xurados (júris) de probas académicas, apadriñou o catedrático e director do Instituto de Arqueología da Facultade de Letras da Universidade de Coimbra, Jorge Alarçao, no seu nomeamento como Doutor Honoris Causa pola USC. En contrapartida, os alumnos de Santiago puideron escoitar os colegas do sur do Minho multitude de veces, nos cursos de doutoramento, en seminarios e conferencias e, por suposto, asistir ás escavacións que se facían en Portugal, cando en Galicia non era posible facelo.

Foi membro do claustro universitario (vinte anos), de Comisións de Estatutos e de Normalización Lingüística, da comisión de Bibliotecas e o encargado permanente de ter ao día os fondos bibliográficos de Prehistoria e Arqueoloxía da nosa Facultade, cos conseguíntes cabreos e protestas cando as autoridades académicas trataban de recortar estes fondos. Fernando coñecía a biblioteca da Facultade mellor que ninguén, e todos sabíamos a quen acudir cando necesitabamos saber onde podíamos atopar tal artigo, sabía a revista, o ano e, por suposto, a sinatura. Outro dos labores de servizo, nunca recoñecido de xeito expreso, que o profesor Acuña realizou no Departamento foi a de fiel coidador da colección arqueolóxica que alí se garda, non sei por canto tempo, xa que o que nunca conseguimos, e tentámolo reiteradamente, foi darlle un carácter oficial de colección arqueolóxica e polo tanto, poder ter fondos económicos para tratala como se merece. Só polo amor e dedicación de Fernando mantívose activa e en uso, tanto para realizar traballos de curso e teses, como para clases prácticas e como expoñente das doazóns de persoeiros como Santiago de la Iglesia, Federico Maciñeira, ou a colección Viqueira. Por desgraza, a colección nunca espertou o interese da maior parte dos nosos compañeiros de Departamento.

Mención especial merece a súa actividade fóra das aulas, as viaxes arqueolóxicas que, dende os tempos nos que a Universidade dispoñía de autobús propio, organizaba para o alumnado,

3 Neste ano 2016 a USC. decidiu reducir departamentos e froito desa remodelación a Titulación de Historia, que tiña tres departamentos, quedou reducida a un só, denominado á súa vez Departamento Historia. Está visto que a Historia non ten futuro na nosa comunidade.

4 Verbas pronunciadas polo Doutor F. Acuña na resposta á recente homenaxe da universidade de Porto.

creo que non quedou ningunha promoción sen a súa viaxe, por toda Galicia, España e Portugal; visitamos lugares arqueolóxicos aos que, en moitas ocasións, tiñamos que acceder camiñando varios quilómetros e nos que nunca faltaban as estupendas “paradas técnicas” que o profesor Acuña coñecía en todas as rutas polas que circulabamos. A finais do século XX (1996-2013) demos o gran salto de organizar viaxes para coñecer o vasto Imperio Romano e os seus antecedentes, Italia (Roma, a Toscana, a Campania, Sicilia), Grecia (Atenas, Micenas, Creta), Turquía (Mileto, Didyma, Pérgamo, Troia e Istambul; nunha segunda viaxe percorremos a Capadocia, Ankara, Hattusa, Yazilikaya, Hierápolis), Marrocos (Lixus, Volubilis, Cotta, Thamusida), Libia (Trípoli, Leptis Magna, Sabrata, Apollonia, Cirene), Siria (Ugarit/Ras Shamra, Palmira, Ebla, Bosra), Tunisia (Cartago, Bulla Regia, Tabarka, Dougga, Thuburbo Majus, Sousse, O-Jem), Xordania (a cidade romana de Jerash e a espectacular Petra, berce dos nabateos), Romanía (Sarmizegetusa, antiga capital dacia, Ulpia Traiana, Alba Iulia), Croacia (a Dalmacia romana, Dubrovnik Naroná, Split, Púa). Aqueles que nos acompañaron, alumnado, arqueólogos e profesores, poden dar fe do moito que aprendemos e gardamos un recordo indeleble xunto coas miles de fotografías que todos fixemos.

Co gallo do 6º Congreso Internacional de Estudos Galegos que se celebrou na Universidade de Habana, na Cátedra de cultura galega da Facultade de Artes e Letras en abril do 2000, cumpriu outro desexo vital, visitar a patria do seu admirado Comandante Fidel e dos seus cantantes preferidos Silvio Rodríguez e Pablo Milanés, fun testemuña da súa emoción e goce.

Máis aló da nosa relación profesional e das nosas coincidencias intelectuais, Fernando era unha personaxe divertida, xenerosa, conversadora e amante dos nobres praceres da vida. Foi un home docto, un espírito independente e un profesional magnífico. En suma, un compañeiro sen tacha. Era un señor, un catedrático ao vello estilo, desa xente cun nivel de educación e calidade humana tan pouco frecuente na actualidade. Deixa unha obra e uns recordos tras de si que o farán perdurar por sempre.

Quero rematar cun texto de Cicerón, filósofo da amizade, que con motivo da homenaxe que lle brindou a Universidade de Porto incluíu nunha breve intervención que me permitiron adicarlle os colegas portugueses e da que me queda a satisfacción de terlo dito en vida: “Se queremos ver o noso propio rostro, non temos máis remedio que mirarnos nun espello. Do mesmo xeito, se desexamos descubrirnos, entendernos, ata querernos a nós mesmos, porque somos dignos e decentes, habemos de mirarnos nun amigo, porque o amigo é - como dicimos- outro eu”. Nesa identidade, nesa case única e ideal memoria da singular amizade, a súa lembranza está viva para min mentres poida alentar no meu tempo ese tempo seu que se nos escapou. A memoria, “o máis necesario da vida”.

Fernando agradeceu a homenaxe dicindo: “esta homenaxe que para min significa que, nesta altura, ou meu *cursus honorum* conclúa, polo de agora, cunha *consecratio* e non cunha *damnatio memoriae*?”.

RAQUEL CASAL GARCÍA
Santiago, a 27 de setembro de 2016